

O Encontro da Federación Galeusca analizou os diversos xéneros literarios da Literatura Infanto-Xuvenil en Pontevedra

XG Xornal de Galicia | Sábado, 26 Outubro, 2013 - 09:17

• A Casa das Campás acolleu tres mesas redondas sobre narrativa, poesía e teatro. Este Encontro reúne anualmente representantes da literatura galega, vasca e catalá (Federación Galeusca) arredor dun tema de debate. Nesta ocasión a organización do Encontro corre a cargo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e o tema elixido para artellar as diferentes sesións de traballo foi A literatura infanto-xuvenil: Perspectivas de futuro e adecuación a novos formatos, unha reflexión necesaria que analizou a situación da LIX nos tres respectivos sistemas literarios co apoio do Concello de Pontevedra a través da súa Concellaría de Cultura.

Desenvolveuse o seguinte programa:

Sábado, 26 outubro

Casa das Campás (Rúa Don Filiberto, 9-11).

De 10:00 a 12:00 h. Mesa redonda de narrativa

Pere Morey (AELC), María Reimóndez (AELG), Fernando Morillo Grande (EIE)

De 12:30 a 14:00 h. Paseo literario por Pontevedra, con Xosé Vázquez Pintor e Fina Casalderrey

De 16:00 a 18:00 h. Mesa redonda de poesía

Josep Francesc Delgado (AELC), Carlos Negro (AELG), Nicolás Zimarro Bravo (EIE)

De 18:15 a 20:15 h. Mesa redonda de teatro e outros formatos

Pau Marqués (AELC), Ánxeles Cufía (AELG), Aitaz Olaizola Borda (EIE).

No Encontro fíxose patente a atención que escritoras e escritores prestan aos novos formatos que as novas tecnoloxías achegan á literatura. Os comentarios bascularon entre a necesidade de non perder de vista que a literatura como linguaxe artística debe ser preservada para poder acoller as contribucións que desde outras linguaxes e formatos dixitais poidan vir a incorporarse, e a constatación de que a literatura debe estar preparada para mudanzas de fondo.

Valorouse como necesaria a incorporación dos imaxinarios propios á creación literaria.

Na mesa de poesía os asistentes coincidiron en que é preciso achegala aos lectores e lectoras novas desde novas perspectivas, concluíndo que o poeta ten que aproximarse a eles a través de obradoiros e recitais. Neste xénero literario constatouse a existencia dunha poesía infantil, mentres que se puxo en cuestión o concepto de poesía xuvenil, na medida en que este público responde a perfís lectores con experiencias moi diversas.

No ámbito teatral remarcouse que este xénero fai patente a utilidade da literatura como instrumento que debe ser posto a disposición do público infanto-xuvenil, tanto a nivel da creación como de posta en escena tendo como único obxectivo final chegar ao coñecemento do propio corpo, voz e idioma. Insistiuse en que a mocidade debe ser protagonista do teatro para poder ser lectora e espectadora do mesmo cando adulta.

Fina Casalderrey e Xosé Vázquez Pintor, guiaron as delegacións galega, vasca e catalá, así como ao resto das persoas que acudiron ao Encontro, nun paseo literario por Pontevedra.

Foi unha xornada de intercambio das experiencias que nos últimos anos se están levando adiante en Galicia, Cataluña e Euscadi, e na que se impuxo o optimismo no futuro da creación.

Mañá domingo, de 10.30 a 12.00 a Federación celebrará a súa Asemblea, o único acto interno do Encontro.

As 12.00 terá lugar a lectura das conclusións e a clausura, que contará coa presenza de Anxos Riveiro, Concelleira de Cultura de Pontevedra

As asociacións de escritores en catalán, éuscaro e galego formaron a Federación Galeusca o 15 de xuño de 2008, en Poblet, coincidindo co 25 aniversario da reunión anual Galeusca creada para establecer relacións entre os creadores/as de obras literarias na tres linguas minorizadas de España. O obxectivo da súa creación é que as tres asociacións teñan un instrumento legal para a coordinación e a acción conxunta, e cinco anos despois, a Federación Galeusca converteuse nunha ferramenta que é esencial para a afirmación da profesión e combater a invisibilidade social dos escritores/as nas tres linguas.

Actualmente a presidencia da Federación corresponde á asociación vasca, e será cedida ao remate da Asemblea da Federación ao presidente da catalá, Guillem-Jordi Graells.